

CONSELLO DE GALIZA

SINTESE INFORMATIVA - ANOS 1960 - 1965

L I M I A R

Irmáns na Terra: Se ben é certo que temos de ser esquivos en verbas, xuntando total-as forzas para irmos dereito á acción patriótica porque así nolo demanda a nosa Galiza, non é menos verdade que o feito de informar os irmáns e aínda a nós mesmos respecto da laboura realizada, constitui tamén, ademais dun deber, unha acción que é mester cumprir, anque, dende logo, o máis sinxelamente posíbel.

Todos vós sabedes o que se fixo e cómo e cando se levou a termo. Todos lembrades tamén os informes, algúns moi amplos, que foron lidos en cada oportunidade. Neses informes está feita en detalle miúdo a historia do Consello de Galiza durante tais xornadas; alí se achán asinalados todos e cada un dos aitos realizados e tamén a auto-crítica dos mesmos; atópanse, ó mesmo tempo, consideracións sobor do pasado, do presente e do porvir da nosa Patria e respecto da misión que a iste Consello de Galiza, na súa condición de Fideicomisariato do povo galego, cónprelle desenrolar. Quere se decir, que xa logo está todo dito e cásque todo por facer. Nembargantes, algo se fixo, e non perdímolos tempo en vaguedades inúteis.

Atentos a isas consideracións, coidamos que non estará de máis facer un pequeno resumo de toda ista laboura e xuntar nun feixe todas isas espalladas ou servacións, agora que finda de se cumprir un lustro daquela magnífica asamblea de patriotas realizada o día 11 de Xulio de 1960, en que se reorgaizou o Consello, déuselle un amplo basamento popular, unha maior axilidade na loita, e imprimíuselle un novo xeito político de aytuar. Iso viría a ser algo así como un pouso no carreiro pra folgos tomar i encetar a próisima xornada con máis pulos. Tería, ademais, a virtude de nos consolar dos propios erros se os sabemos tomar como lección pra millor acerto da nosa acción colectiva no porvir. É ó fin de contas, axudaría a manter aceso o noso amor á Patria, alumeando o camiño da liberdade de Galiza, cos ollos postos no cumio e o pensamento fixo no ideal.

Imos pois, coa vosa tolerancia fraterna, a darmos un resumo do informe xeral das nosas actividades nistes cinco anos que findan de pasar, deténdonos un pouco máis sobor dos aitos que aínda non foron asinalados.

MORTOS ESGREVIOS

Denantes de nada, dúas verbas tan só pra que a solenidade emocional do aito sexa o linguaxe inefábel que o siñe, parésceme que debemos adicar un sinxelo homaxen á lembranza de todos os irmáns falecidos nistes cinco anos, citando en primeiro termo a don Elpidio Villaverde, ó doutor Ramón Suárez Picallo e a don César Alvajar, cuias notas informativas e necrolóxicas foron dadas na súa oportunidade. Pregonos irmáns, nos poñamos en pe en homaxen a todos iles... e co pensamento posto en Castela.

SINTESE DA LABOURA XERAL DESENROLADA

Primordialmente pódese dicir que o Consello de Galiza estivo presente, coa súa presenza física ou espritoal, en tanta ocasión foi mester eisaltar o sagro nome da Terra, honrar a un patriota difunto, agasallar a un irmán merescente disa distinción, ou pór o noso grao de area na loita común pola liberdade de Galiza e a felicidade do noso povo.

ENTREVISTAS E AGASALLOS

Compre ó respeito destacarmos as numerosas entrevistas, xuntanzas e agasallos que se realizaron con persoalidades políticas, con persoas significadas nas artes, na cultura e na ciencia, paisán ou alleos, en canto tivera que ver coa nosa laboura a prol de Galiza.

Entre moitas, citaremos a xuntanza especial e íntima que tivemos co doutor Emilio González López, que mora nos Estados Unidos. Nesa ocasión memorabel dixo o doutor González López "que se o Consello de Galiza non existira, sería unha imperiosa necesidade de o fundar, e que il estaba disposto, se na súa hora foz mester, deixar ó marxe toda outra actividade pra se adicar por inteiro a traballar a prol do Consello e da obra que iste realiza pola liberdade de Galiza..."

O Consello ofresceulle a iste distante irmán unha cea á que asistiron importantes persoalidades da colectividade.

Tamén son dignas de mención a entrevista cordial que tivemos coa nosa distinta paisana María Casares; a xuntanza co profesor hespañol Rodolfo Llopis; os agasallos ó distinguido escritor galego señor Campos Rodríguez "Finisterre"; ó doutor Emilio Alvarez Blazquez; e as entrevistas con persoalidades vascas, cataláns e arxentinas levadas a termo por moitos e variados motivos encol da causa da nosa Terra.

Mester é asinalar especialmente os importantes agasallos adicados ó doutor Sebastián Martínez Risco, Presidente da Academia Galega, e ó representante do País Vasco, señor de Leizaola, porque iles resultaron escepcionais. No aito de agasallo ó doutor Martínez Risco, estiveron presentes a súa dona, os directivos do Centro Galego, de Irmandade Galega, dos centros provinciais, da Federación de Sociedades Galegas e outras persoalidades. Alí foille entregada a dona de Martínez Risco unha cadea e medalla de ouro en lembranza da súa estada en Bos Aires, e ó Presidente da nosa Academia algúns libros de moito mérito. O agasallo a Leizaola, tamén resultou de moita categoría e dunha outa emoción patriótica, estando presentes destacadas persoalidades galegas, vascas, catalanas, arxentinas i hespañolas.

CAMPAÑAS DE ORDE POLITICO, SOCIAL E PATRIOTICO

Como tais, citaremos, entre outras cousas, a xeira levada a termo respecto da negativa do clero á imprantación do idioma galego na sagra liturxia, en cuia ocasión nos diriximos en protesta enérxica o arcebispo e os bispos galegos, ó cardeal arcebispo de Toledo, a S. S. o Papa Paulo VI e ó Segretario Xeral das Nacións Unidas.

Estimamos tamén digna de mención a nosa baril posición en contra do mal chamado polo do Noroeste, con cuio pran de desenrolo económico do franquismo se argallaba nin máis nin menos que esnaquizar Galiza.

SAUDOS, ADHESIONS E DECLARACIONES PUBLICAS

Foron moitas, algunhas moi bariles, as declaracións públicas que por diversos gallos fixéronse na prensa e na radio, especialmente nas audicións "Recordando a Galiza", "Galicia Emigrante" e no rotativo "La Prensa" de Bos Aires, e os comunicados remesados ás Nacións Unidas.

Nos adherimos a canta declaración se fixo a prol da liberdade da xistiza e da autodeterminación dos povos; e nin que decir ten, a declaración do Centro Galego de Bos Aires respecto do presente e do porvir de Galiza, estudo feito con notábel senso democrático, de recoñecida imparcialidade e de indudabel aporte pra solución dos problemas económicos da nosa Terra.

Canto é ós saúdos, remesáronse ás máis diferentes persoalidades, sendo mester destacarmos os que se fixeron públicos en cada Aninovo a tódolos galegos ceibes do mundo, i especialmente ós que sofren cadea na propia Terra, son perseguidos, áchanse vítimas dalgunha inxustiza ou soportan as calamidades que a tiranía lles impón.

S O L I D A R I D A D E

Tampouco estivo ausente o Consello de Galiza neste senso, amosándose sensíbel á dor física ou moral por calisquera cousa que fose. Como unha esposa diremos que o Consello de Galiza fíxose presente coa súa modesta axuda económica ó povo catalán en ocasión do desastre metereolóxico de que foron vítimas Barcelona e os seus arredores naquelas tremendas inundacións que todos lembramos.

HOMAXENS ESPECIAIS

Co gallo de se cumprir o primeiro centenario dos Xogos Frorais de Galiza celebrados na Coruña, púxose unha artística praca lembradoira no Centro Galego de Bos Aires; e pra lembrar a fundación deste Consello, colocouse tamén unha simbólica praca no mesmo sobrado da Casa de Galiza de Montevideo onde o Consello de Galiza fora fundado polo mestre insigne Castelao e outros esgrevios diputados galegos o día 15 de Novembro de 1934.

Acordouse asimesmo, colocar unha praca no Panteón do Centro Galego de Bos Aires en homaxen ós desaparecidos conselleiros Castelao Villaverde e Suárez Ficallo, aito que se realizara ó se cumprir o primeiro cabodano do falecemento deste derradeiro irmán.

HOMAXEN PERMAÑENTE A GRORIA DO MESTRE CASTELAO

Asín é en efecto. O homaxen adicado ó guieiro inmorente, é constante, non sofre esmorecemento de ningunha crás. Todoos anos, na data do seu pasamento faise presente o Consello de Galiza con oferendas frorais. A nosa presenza é física tanto como espiritual neste caso, porque as dúas se conxugan. Adhesión a súa doutrina, veneración a súa lembranza, contribución a súa gloria, son pra nós artigos de fé e consiña de todoos intres da nosa vida.

En oportunidade de se aprobar no Congreso a iniciativa do senador nacional Dr. Rubén Blanco, que consiste en erguer unha estatua á gloriosa memoria do mestre insigne nesta cidade de Bos Aires, o Consello de Galiza testemuñou por escrito o seu recoñecemento e gratitude ás Cámaras e ó autor do proxecto. Pra nós, ise aito de homaxen, que temos a firme esperanza de que se ha cumprir, está cheo dunha fonda emoción galega. Fai pouco tivemos ó respecto i en pran de colaboración, unha entrevista cordial co doutor Blanco.

HOMAXEN EN LEMBRANZA DO DOUTOR ALFREDO L. PALACIOS

Todos sabemos da personalidade esgrevia do Dr. Palacios. Todos coñecemos as súas xeiras, pelexando a cotío contra tódalas inxustizas en calisquera tempo e lugar en que aconteceran e sen medir as forzas do nemigo. Coidamos tamén que non é mester asinalar canto ise gran arxentino quería a nosa Galiza e a Cataluña, e o modo e maneira como se identificou cos nosos ideais de liberdade e coa nobre casu da República Española.

Pois ben, a ise cidadán exemprar, esforzado paladín da liberdade en todoos terreos, fillo adoutivo dunha cidade galega: O Ferrol, consideramos que tiñanos a obriga moral de lle render un merecido homaxen a súa lembranza. O dito homaxen levouse a termo fai pouco en conxunto cos irmáns cataláns, e resultou un éisito, tanto polo que alí se dixo como pola fonda emoción con que foi escoitado. Diste grande aito ocupouse toda a prensa de Bos Aires; il contou coa adhesión afervorada da colectividade galega e doutras nacionalidades. Falou polo Consello de Galiza, o Dr. Núñez Búa; polos cataláns, o Dr. Rocanora, e fechou o aito o Dr. Gimenez de Asúa.

DIA DOS MARTIRES

O 17 de Agosto é a data adicada a honrar ós mártires das liberdades de Galiza. Iste ano, a Comisión Intersocietaria que ten ó seu cãrrego ista especial misión patriótica, resolveu conmemoralala data eisaltando nos nomes de Castelao, Villaverde e Suárez Ficallo a tódolos mártires galegos. Falou o irmán Bieito Cupeiro e concurreu o Consello en plec portando tres oferendas frorais. Foi un aito de fonda emoción patriótica.

DELEGACIONES DO CONSELLO DE GALIZA

Sempre foi unha das nosas meirandes arelas establecer Delegacións en cidades e países onde, debido á cantidade de galegos que viven espallados polo mundo, fora comenente levar até ises núcleos de irmáns a voz querida da Terra i erguer o sentimento patriótico que sen dúbida mora nos seus peitos e que non sempre se manifesta aitivo por falla de medios ou de non se atopar ocasión de se pór de releu.

E' así que se constituíron as Delegacións do Consello de Galiza en París, Montevideu e no México. En París nomeáronse delegados tidoar e suprente respectivamente ós señores Alvajar, pai e fillo, quen es desempeñaron con outo patriotismo e notabel acerto a súa misión. Hoxe, polo falecemento de don César Alvajar, pasou a delegación tidoar o seu fillo Xavier. En Montevideu, Uruguai, foi nomeado Delegado o irmán don Xesús Canaval, cúa capacidade, e por todos recoñecido amor a Terra, nos autoriza a agardar da súa laboura patriótica abondosos froitos, pois está facultado para desinar colabouradores que o secunden na súa acción.

No México nomeouse unha Delegación presidida polo irmán Carlos Velo Cobelas, e composta polas seguintes persoalidades: Loísa Viqueira Landa (que exerce a Segredaría), Xosé Caridad Mateos, Horacio Casas Iglesias, Francisco Comesaña Rendo, Florencio Delgado Gurrarán, Inccencio Ferrer Ovide, Xoán López Durá, Manoel Porteiro Viña, Elixio Rodríguez Dominguez, Lois Soto Fernández, Andrés Valín Salvador, Adolfo Vazquez Humasqué e Antón Yañez Piñeiro.

E' ista unha representación moi aitiva que, dende os comezos ven dando repetidas mostras de capacidade, dinamismo, fondo sentimento de galegitude e aceso patriotismo. Confiamos en que moi logo van istes irmáns a desenrolar unha acción tan intensa que, xermolando por contaxio, nos dará a todos novos azos pra seguirmos adiante na percura do trunfo dos nosos ideais.

En Mendoza, o doutor Gumersindo Sánchez Guisande, distinto irmán e grande amigo do Consello de Galiza, ten o encárrago de estudar qué se pode facer naquela cidade andina, onde moran galegos dos bós e xenerosos, en canto a nomear alí unha Delegación do Consello.

A representación do Consello de Galiza foi levada por distintos viaxeiros moitas vegadas até a nosa Terra, Hespaña, Europa, América e moi a miúdo, pola súa proisimidade, ó Uruguai. As xestións reservadas que en moitas ocasións fixeron istes irmáns, resultaron de grande utilidade pra laboura de espallamento dos postulados patrióticos do Consello, achándose no noso poder informes confidenciais de moita importancia encol disa aitividade.

RELACIONES DO CONSELLO E AICION COLEITIVA

Mantivemos a cotía unha acción patriótica de conxunto con vascos e cataláns ó traveso de GALEUZCA, que deu seus abondosos froitos e da que aínda agardamos colleitar moitos máis ricaces no porvir.

Estivemos sempre en cordiais relacións co Goberno da República no eisilio e cos orgaismos republicáns de Bos Ares e do estranxeiro. E levamos adiante en todos aquiles casos compatibles coa nosa función específica, unha acción patriótica en común coas entidades da coleitividade galega, sen nos mesturar na súa vida societaria e sen comprometer en ningún intre a nosa liberdade de acción e a nosa independencia de criterio.

Sostivemos sen esmorecemento aitivas e permañentes relacións públicas con orgaismos e persoalidades afíns en canto tivéramos a máis pequena espranza de colleitarmos algo de proveito pra causa da nosa Terra. No noso poder áchanse cartas rescebidas das máis diversas persoalidades e dos sitios máis lonxaos do mundo, que dan fe de canto decimos.

E' moi importante asinalar tamén, como os membros do Consello foron de cote solicitados pra pronunciar en diversos lugares e ocasións conferencias e discursos. Os irmáns Antón Alonso Ríos, Alberto

Vilanova e Bieito Cupeiro cumpriron doadamente o seu cometido patriótico.

Diremos asimesmo que en algunhas ocasións membros do Consello foron agasallados por outros organismos, como no caso de Irmandade Galega, que finda de agasallar ó irmán Atón Alonso Ríos, aito que pola súa proximidade a ista data, non reseñamos en detalle, xa que está no coñecemento de todos.

PREMIOS CASTELAO

Sen ningunha dúbida, os máis importantes na liña de aitos do Consello foron os levados a termo nas distintas ocasións da entrega do "Premio Castelao". Non só polo premio en si mesmo, que é máis ben un simbolismo, senón pola significación espiritual que il leva consigo e polas expresións de entusiasmo patriótico a que tais aitos deron marxe.

Ainda que non fixera o Consello de Galiza outros aitos, abonarían istes como pra xustificarmos a nosa razón de existir e pra lle dar a iste Fideicomisariato signos innegabeis de vida aitiva.

Permitide, irmáns, ista falla de modestia, mais é mester nos gabar de que incrusive, até o hedagora, foi un magnífico acerto o otorgamento do premio e, tamén, a distribución xeográfica dese galardón.

Primeiro otorgouse ó Centro Galego de Bos Ares, que desenrolara unha acción sen precedentes domente as Xornadas Xacobeas deste ano, eisaltando a difidade do ser galego e afirmando a nosa persoalidade nacional diferenciada.

Após foi o Banco de Galicia do Uruguai o premiado, cuia laboura a prol de Galiza pódese chamar eixemprar e singularísima. Logo Galaxia, da nosa Terra, ó recoñecemos a meritísima laboura dos intelectuais que nisa editorial poñen o mellor do seu espírito e deixan grabado pra posteridade inquedanzas, ideais e anacos de vida do povo galego. E por derradeiro o Padroado da Cultura Galega no México, organismo duns pulos e dunha forza patriótica que contaxia, ergue o espírito e nos enche a ialma de emocioado sentimento de galeguidade da millor, desenrolando unha laboura cultural de primeiro orde na súa revista "Vieiros".

BOLETÍN

A saída do Boletín, que era unha necesidade dende moi antergo sentida, constituíu, por así o dicir, un acontecemento de singular importancia e sinalou unha nova xeira na vida do Consello.

Como sempre i en repetidas vegadas dixemos, isa publicación ten de saír do prelo con senso de continuidade e aínda, se for posible, trocárese en xornal cuio facho sempre aceso alumee o camiño dos nosos ideais de liberdade e de xustiza, deixándonos entre o chan galego e os vieiros da emigración un ronsel de estrelas que nos guíe.

Con miras e propósitos cheos de nobre ambición nise senso, formouse unha Oficina de Prensa composta por irmáns capaces e aitivos da que compre agardarmos abondosos froitos. Nisa oportunidade nomeouse director do Boletín ó irmán Moisés Da Presa.

FACENDA

Non é mester asinalar as cifras en detalle, pois iso corresponde ó informe de Tesoureiría. Temos sí que dicir que as nosas finanzas non andan de todo mal e que sería de desexar se compretara aquil pran xa fai tempo posto en práctica, que en síntese consiste en contarmos cun capital prestado por bos e xenerosos que, colocado a boa renda i en lugar seguro, nos permita unha máis folgada financiación das nosas aitividades.

Sabido é tamén que, ademáis, as nosas finanzas se manteñen caseque diríamos en primeiro termo e con senso de continuidade, dos aportes voluntarios e dos donativos, que foron e son sempre de importancia.

Anque moi curtos nista información, compre dicir eiquí que o Consello de Galiza non ten hoxe débeda algunha, agás, craro está, á que se refire ós cartos recibidos en préstamo, que en rigor a verdade, non é unha débeda senón un depósito intocábel á disposición dos seus donos. O mesmo tempo, o Consello fai fronte a todos os compromisos que normalmente xurden.

AGRADESCEMENTO

Non podemos deixar de recoñecermos eiquí a patriótica xenerosidade das persoas que domete catro anos mantiveron o pran de axuda solidaria a Suárez Picallo; ós catro centros provinciales, á Federación de Sociedades Galegas e a Irmandade Galega que oferesceron xentilmente a súa contribución xunto co Consello de Galiza pró enterro do irmán Ramón Suárez Picallo.

Vaia tamén o testemuño da nosa gratitude pra todos que fixeron donativos, prós colabouradores anónimos e prá prensa en xeral que nos adicou unha xenerosa acollida.

LABOURA INTERNA E DESEMPEÑO DAS COMISIONS

As xuntanzas do Consello foron moitas, concurridas a pleo, cáseque sempre, e cheas de entusiasmo e de patriotismo. O mesmo resultaron as reaizadas en conxunto coas diversas comisións.

As comisións que xuntamente co Consello propiamente dito compretan o orgaísmo: Relacións, Facenda, Cultura, Prensa e Xunta Consultiva, desempeñáronse doadamente todas elas dentro das propias posibilidades, cuservando de cote unha vertical liña de conduta. A Comisión Fiscal cumpriu coa súa función cantas vegadas foi mester.

Niste intre, o Consello de Galiza está composto da seguinte maneira: Segredario Xeral, Antón Alonso Ríos; Segretario de Governo e Coordinación Xeral, Antón Alonso Pérez; Segredario de Aitas, Ricardo Florez; Presidente da Comisión de Facenda, Daniel Calzado; Segredario, Santiago Suárez; Tesoureiro, Lois Fuentes; Presidente da Comisión de Relacións, Segundo Pampillón; Segredario, Manoel Martínez Lamela; Presidente da Comisión de Cultura, Alberto Vilanova; Segredario Manoel Pedreira; Presidente da Xunta Consultiva, Uxío García; Delegación ante Galeuzca, Antón Fiz Fernandez, Segundo Pampillón e Bieito Cupeiro; Delegado ante o Centro Republicano Español, Segundo Pampillón; Oficina de Prensa: Lois Guede, Manoel Pedreira, Ricardo Florez, Manoel Pazos e Moisés Da Presa. Conselleiro na súa condición de Presidente da Irmandade Galega, Antón Represas.

Algunhas vegadas concurriron ás xuntanzas coas comisións, irmáns que non forman parte dilas; e cando con ise gallo se reaizou unha xuntanza especial e foi servido un refrixerio, invitouse e concurriron representantes dos irmáns vascos e cataláns, amén dos cronistas dos xornais e das audicións de radio que nos prestan unha moi valiosa cooperación.

CONCRUSIONS E DERRADEIRAS VERBAS

Non foi nada eistraordinario o que se fixo; é certo. Deberían haberse feito moitas cousas máis; dacordo. Pro fíxose o que se poido, dentro das posibilidades. Os incomenentes foron e son moitos e de diverso orde. Cando un fai o que pode e pon na acción toda a súa vontade, aíúa xenerosamente, e, sobor de todo, con patriotismo e con fondo sentimento de galeguidade, xa é diño de loubanza o que fai. Nós non temos de que nos gabar por comprirmos co noso deber, mais tampouco temos medo ó xuízo da posteridade.

Niste senso podemos facer un pouso no camiño e botar pra atrais unha ollada sen vergoña e sen arrepentimento; iso sí, renovando entusiasmos e con fé no porvir, dispostos a unha nova xeira sen desmaios nen fraudacións.

A razón de eistir do Consello de Galiza non está dada por nós, senón pola sitoación aitoal da Patria; querse dicir, que está determinada por un feito histórico. I en canto á necesidade de reorganización levada a termo fai cinco anos, áchase pleamente xustificada se temos en conta que, após da morte de Elpidio Villaverde e de Suárez Picallo, hoxe o Consello non sería tal, pois con un só diputa-

do - neste caso o irmán Antón Alonso Ríos - non sería posíbel manter en boa lei, autoridade nen representación colectiva da ningunha crás.

Todas istas razóns, especialmente de que somos por lei da natureza mortais, están craramente eispostas no decreto de reorganización firmado polos deputados Antón Alonso Ríos, Ramón Suárez Picallo i Elpidio Villaverde; e coidamos que non está demáis refirmalo agora eiquí.

En resume, queridos irmáns na Terra, a loita é iso: loita. Cáseque nunca se chega ó cumio, porque cando un ouxetivo se compre, de contado xurde outro novo, cecais máis cobizoso e moito máis outo.

Sempre será de proveito pra Galiza e pró noso povo canto, como até o de agora, se faga ben e con lealdade. Se tiveramos que escoller outra volta antre a desaparición total do Consello de Galiza como fai cinco anos se propuña por alguén, ou seguirmos adiante aínda sabendo de antemán que non nos sería doado facer as cousas nen capaces de facermos nada máis do que se fixo, voltaríamos de novo a dicir: ; A d i a n t e !

E' lóxico esperar que a situación da nosa Patria terá de se trocar algún día. A ditadura será ó fin abatida, e sobor do verdor das nosas campías e no espello das augas das nosas rías brillará o sol da liberdade, deixando pra sempre atrais a noite escura da tiranía.

Fra ise abrente lumioso --Alba de gloria, que diría o mestre insiñe Castelao-- o Consello de Galiza debe permanecer aitivo, firme i en irmandade cos bós e xenerosos, até que Galiza e o seu povo conquiran xustiza e liberdade e, xunguidos con vascos e cataláns, a autodeterminación nacional ó traveso da República Federal.

Irmáns: coa liberdade no pensamento e a redención de Galiza como finalidade, berremos ; Terra a nosa !

Bos Ares, setembro de 1965.